



# Concello de A Mezquita

## BANDO

### SUBVENCÍONS PARA VIVENDAS

**D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde – Presidente do Concello da Mezquita, polo presente,**

**FAI SABER:**

Que o INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, por RESOLUCIÓN do 17 de marzo de 2025 procede á convocatoria das axudas do Programa de mellora da accesibilidade e ás vivendas para o ano 2025, con carácter plurianual (código de procedemento VI435B).

**BENEFICIARIOS:** persoas titulares de vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas, edificios de tipoloxía residencial, comunidades de persoas propietarias, etc.

**OBXECTO:** instalación de ascensores, salva escaleiras, ramplas, apertura de portas, produtos de apoio, elementos de información, de comunicación ou de aviso, produtos de apoio á audición, vídeo porteiros, dispositivos de alarma no ascensor, instalación domótica. Estas actuacións non poden estar iniciadas antes do 1 de xaneiro do 2022.

Todas as vivendas teñen que cumprir uns determinados requisitos: estar rematadas antes do 2006 (a non ser que habiten persoas que acrediten algún grao de discapacidade superior o 33%), ser o domicilio habitual dos propietarios, etc.

A cantidade da subvención depende do tipo de vivenda, de si reside unha persoa que acredite algún grao de discapacidade, etc.

**PRAZO:** Dende o día 27/03/2025 ata 28/04/2025, a non ser que se esgote o crédito orzamentario con anterioridade á data indicada.

O que asino en A Mezquita, para o seu público coñecemento.

En A Mezquita

O ALCALDE,  
Asdo: Rafael Pérez Vázquez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

